

21693 *ORDE SCO/4225/2004, do 16 de decembro, pola que se modifican os anexos do Real decreto 294/2003, do 7 de marzo, polo que se establecen os métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido de ocratoxina A en cereais e uvas pasas, polo que respecta aos alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade.* («BOE» 312, do 28-12-2004.)

O Regulamento (CE) n.º 683/2004, do 13 de abril, que modifica o Regulamento (CE) n.º 466/2001, polo que respecta ás aflatoxinas e a ocratoxina A nos alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade, establece límites máximos de ocratoxina A en alimentos infantís e alimentos elaborados a base de cereais para lactantes e nenos de curta idade, e en alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais dirixidos especialmente aos lactantes.

O Real decreto 294/2003, do 7 de marzo, polo que se establecen os métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido de ocratoxina A en cereais e uvas pasas, é consecuencia da transposición da Directiva 2002/26/CE da Comisión, do 13 de marzo, pola que se fixan os métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido de ocratoxina A nos produtos alimenticios, e non recolle os requisitos de mostraxe e análise de ocratoxina A nos alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade.

A Directiva 2004/43/CE da Comisión, do 13 de abril, que modifica a Directiva 98/53/CE e a Directiva 2002/26/CE, polo que respecta aos métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo de aflatoxina e de ocratoxina A nos alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade, establece os procedementos de mostraxe e análise de aflatoxina e ocratoxina A nos alimentos para lactantes e nenos de curta idade.

Esta Directiva 2004/43/CE tamén incorpora as normas de interpretación e comunicación dos resultados analíticos, co fin de garantir un enfoque harmonizado de execución no conxunto da Unión Europea. Estas normas inclúen a aplicación da incerteza da medida e a corrección da recuperación nos resultados analíticos de mostras destinadas ao control oficial. Así mesmo, fai referencia ao tratamento da mostra de laboratorio e á determinación do contido de materia seca cando o nivel máximo establecido sexa aplicable á materia seca.

En definitiva, faise necesaria a transposición parcial da Directiva 2004/43/CE citada, no que se refire á ocratoxina A en alimentos infantís, para incorporala ao ordenamento xurídico español.

Esta orde dítase en aplicación do regulado na disposición derradeira segunda do Real decreto 294/2003, do 7 de marzo, xa citado, e na súa tramitación foron oídos os sectores afectados, consultadas as Comunidades autónomas, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Modificación dos anexos I e II do Real decreto 294/2003, do 7 de marzo, polo que se establecen os métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido de ocratoxina A en cereais e uvas pasas.*—Os anexos I e II do Real decreto 294/2003, do 7 de marzo, modifícanse conforme o disposto nos anexos I e II desta orde.

Segundo. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 16 de decembro de 2004.

SALGADO MÉNDEZ

ANEXO I

Métodos de toma de mostras para o control oficial do contido máximo de ocratoxina A en alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade

O anexo I do Real decreto 294/2003, do 7 de marzo, modifícase como segue:

1. A letra f) do punto 4 queda redactada como segue:

«f) Método de toma de mostras para os alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade:

Aplicarase o método de mostraxe para os cereais e os produtos derivados dos cereais establecido no punto 4.e) deste anexo. Isto significa que o número de mostras elementais que se deben tomar dependerá do peso do lote, cun mínimo de 10 e un máximo de 100, de conformidade co cadro 2 do punto 4.e).

1.º O peso da mostra elemental será de 100 gramos, aproximadamente. No caso dos lotes que se presentan en envases para a retalista, o peso da mostra elemental dependerá do peso do envase.

2.º Peso da mostra global = 1 – 10 Kg, groseiramente mesturada.»

2. Engádeselle a letra g) ao punto 4 co texto seguinte:

«g) Mostraxe na fase de comercio retalista:

A mostraxe dos produtos alimenticios na fase de comercio retalista débese realizar, sempre que sexa posible, de conformidade coas disposicións para a mostraxe mencionadas anteriormente. No caso de que non sexa posible, poderanse aplicar outros métodos de mostraxe eficaces, sempre que garantan unha representatividade suficiente do lote obxecto de mostraxe.»

3. O punto 5 queda redactado da forma seguinte:

«5. Aceptación dun lote ou sublote:

a) Aceptación, se a mostra global se axusta ao límite máximo, tendo en conta a corrección en función da recuperación e a incerteza da medida.

b) Rexeitamento, se a mostra global supera, fóra de toda dúbida razoable, o límite máximo, tendo en conta a corrección en función da recuperación e a incerteza da medida.»

ANEXO II

Preparación das mostras e criterios que deben cumprir os métodos de análise para o control oficial do contido máximo de ocratoxina A en alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade

O anexo II do Real decreto 294/2003, do 7 de marzo, modifícase como segue:

1. O punto 2 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Tratamento da mostra recibida no laboratorio: Cada mostra de laboratorio triturarase finamente e mesturarase coídosamente segundo un método que garanta unha homoxeneización completa.

No caso de que o contido máximo sexa aplicable á materia seca, o contido de materia seca determinarase sobre unha parte da mostra homoxeneizada, utilizando un procedemento que garanta unha determinación precisa do contido de materia seca.»

2. O punto 4.d) queda redactado como segue:

«d) Cálculo do factor de recuperación e expresión dos resultados:

O resultado analítico expresarase en forma corrixida ou sen corrixir en función da recuperación. Deberanse indicar a forma de expresión e o factor de recuperación.

O resultado analítico corrixido en función da recuperación utilizarase para a conformidade do lote segundo o punto 5 do anexo I.

O resultado analítico expresarase como $x \pm U$, sendo x o resultado analítico e U a incerteza expandida da medida, utilizando un factor de cobertura de 2, que dá un nivel de confianza de aproximadamente o 95 %.»

21694 *ORDE SCO/4226/2004, do 16 de decembro, pola que se modifican os anexos do Real decreto 90/2001, do 2 de febreiro, polo que se establecen os métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo de aflatoxinas en cacahuetes, froitos de casca, froitos desecados, cereais, leite e os produtos derivados da súa transformación, polo que respecta aos alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade. («BOE» 312, do 28-12-2004.)*

O Regulamento (CE) n.º 683/2004, do 13 de abril, que modifica o Regulamento (CE) n.º 466/2001, polo que respecta ás aflatoxinas e a ocratoxina A nos alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade, establece límites máximos de aflatoxinas en alimentos infantís e alimentos elaborados a base de cereais para lactantes e nenos de curta idade; preparados para lactantes e preparados de continuación, incluídos o leite para lactantes e o leite de continuación; e alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais dirixidos especialmente aos lactantes.

O Real decreto 90/2001, do 2 de febreiro, polo que se establecen os métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo de aflatoxinas en cacahuetes, froitos de casca, froitos desecados, cereais, leite e os produtos derivados da súa transformación, regula os procedementos de mostraxe e de análise de aflatoxinas nos produtos alimenticios citados. Este Real decreto 90/2001 xorde da transposición da Directiva 98/53/CE, da Comisión, do 16 de xullo, pola que se fixan métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial dalgúns contaminantes nos produtos alimenticios, e non recolle os requisitos de mostraxe e análise de aflatoxinas nos alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade.

A Directiva 2004/43/CE da Comisión, do 13 de abril, que modifica a Directiva 98/53/CE e a Directiva 2002/26/CE polo que respecta aos métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo de aflatoxina e de ocratoxina A nos alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade, establece os procedementos de mostraxe e análise de aflatoxina e ocratoxina A nos alimentos para lactantes e nenos de curta idade.

Esta Directiva 2004/43/CE tamén incorpora as normas de interpretación e comunicación dos resultados analíticos, co fin de garantir un enfoque harmonizado de execución no conxunto da Unión Europea. Estas normas inclúen a aplicación da incerteza da medida e a corrección da recuperación nos resultados analíticos de mostras destinadas ao control oficial. A Directiva 2004/43/CE tamén fai referencia ao tratamento da mostra de laboratorio e á

determinación do contido de materia seca cando o nivel máximo establecido sexa aplicable á materia seca.

En definitiva, faise necesaria a transposición parcial da Directiva 2004/43/CE citada, no que se refire ás aflatoxinas en alimentos infantís, para incorporala ao ordenamento xurídico español.

Esta orde dítase en aplicación do regulado na disposición derradeira segunda do Real decreto 90/2001, do 2 de febreiro, xa citado, e na súa tramitación foron oídos os sectores afectados, consultadas as comunidades autónomas, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Modificación dos anexos I e II do Real decreto 90/2001, do 2 de febreiro, polo que se establecen os métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo de aflatoxinas en cacahuetes, froitos de casca, froitos desecados, cereais, leite e os produtos derivados da súa transformación.*—Os anexos I e II do Real decreto 90/2001, do 2 de febreiro, modifícanse conforme o disposto nos anexos I e II desta orde.

Segundo. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 16 de decembro de 2004.

SALGADO MÉNDEZ

ANEXO I

Métodos de toma de mostras para o control oficial do contido máximo de aflatoxinas en alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade

O anexo I do Real decreto 90/2001, do 2 de febreiro, modifícase como segue:

No anexo I engádesse, tras o punto 5 F), o punto G) seguinte:

«G) Alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade.

1.º Método de toma de mostras.—Aplicarase o método de toma de mostras para o leite e os produtos derivados, así como para os produtos alimenticios compostos de varios ingredientes e outros produtos que presenten partículas relativamente grosas, establecido nos puntos 5.D), 5.E) e 5.F).

2.º Aceptación dun lote:

a) Aceptación, se a mostra global se axusta ao límite máximo, tendo en conta a corrección en función da recuperación e a incerteza da medida.

b) Rexeitamento, se a mostra global supera, fóra de toda dúbida razoable, o límite máximo, tendo en conta a corrección en función da recuperación e a incerteza da medida.»

ANEXO II

Preparación das mostras e criterios xerais que deben cumprir os métodos de análise para o control oficial do contido máximo de aflatoxinas en alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade

O punto 2 do anexo II do Real decreto 90/2001, do 2 de febreiro, modifícase como segue:

«2. Tratamento da mostra recibida no laboratorio:

Cada mostra de laboratorio tritúrase finamente e mestúrase coidadosamente segundo un método que garanta unha homoxeneización completa.